



## BERNARDA (Vilalba 1975)

**Compañía:** Malasombra producións ( [www.malasombra.gal](http://www.malasombra.gal) )

**Título do espectáculo:** BERNARDA (Vilalba1975)

**Xénero:** Drama con humor

**Clasificada:** Adultos

**Recomendada:** A partir de 14 anos

**Duración:** 75 minutos

**Contacto para entrevistas prensa:** Xoque Carbajal (696 46 29 29)

### Ficha artística

**Elenco:** Luisa Merelas, Esther Aja e Celia González

**Autoría e dirección:** Jose Prieto

**Axte. De dirección:** Xoque Carbajal

**Escenografía:** Kukas

**Iluminación:** Xoque Carbajal

### SINOPSE

1975. Unha vila de Galicia. Bernarda queda viúva o mesmo día da morte de Franco. Quédanlle dúas fillas mozas e xemelas . Bernarda decreta o estado de loito. Durante dous anos non poden ver a televisión, nin escoitar a radio, nin ler revistas. Durante dous anos só poden saír da casa para ir á misa, á tenda ou ó cemiterio. Durante dous anos as contras deben estar pechadas día e noite. Fóra, a sociedade da transición está cambiando. Dentro, Bernarda fai todo o posible para que eses cambios non entren na súa casa.

## SOBRE BERNARDA

**“BERNARDA” é unha historia próxima, comprensible e universal.** Todos coñecemos no noso entorno a alguén como Bernarda, e todos temos un pouco de Bernarda no noso interior, porque ese choque xeracional entre pais e fillos é unha constante universal, e dependendo de que lado esteamos vemos a realidade de forma totalmente diferente. Cando somos fillos queremos rachar coas normas que nos impoñen, e cando somos pais vémonos na obriga de ser nós os que as impoñamos, polo seu ben, e ese choque entre xeracións que conviven na mesma casa é inevitable.

**Este choque xeracional**, que como na vida mesma tamén ocorre en “BERNARDA”, **por veces fainos chorar**, porque ás veces as situacións vólvense tensas e duras, **e por veces fainos rir**, porque igual que na vida, ata nas situacións máis extremas xorde a risa como unha necesidade de desafogo e de liberación. Isto é o que en “BERNARDA” demos en chamarlle, **humor de tanatorio** ou **risa de funeral**, que tamén é unha constante durante todo o espectáculo.

**Bernarda é unha muller dura e loitadora**, produto da vida que lle tocou vivir, cunha infancia dura de posguerra que a forxou nuns principios ríxidos e inamovibles. Ao morrer o marido ten que asumir o papel de pai e de nai, e educa ás súas fillas como mellor sabe, como aprendeu, e todo o que fai non o fai por mal, todo o contrario, faino porque pensa que é o mellor para elas. As fillas, en cambio, non o ven así, aínda que como tamén entre elas son diferentes, discuten moitas veces sobre se no fondo **Bernarda é pobriña ou é mala.**

Bernarda, ó quedar viúva, tenta que todo siga sendo igual que sempre, como foi toda a súa vida, e que as “malas” influenzas dunha sociedade en proceso de transformación non cheguen ás súas fillas nin a ela mesma. **Bernarda non entende a música yeyé, nin as minisaias, nin os guateques**, nin ningunha das novas modas da xuventude da época, e a súa intención é moi clara: “Mentres eu viva, nesta casa non vai cambiar nada e as cousas vanse facer como se teñen que facer.” O público presente coñecerá se chega a conseguilo ou non.